

CONXURO



Mouchos, curuxas, sapos e bruxas;
demos, trasnos e diaños;
espiritos das nevoadas veigas;
corvos, pintigas e meigas,
feitizos das menciñeiras.

Podres cañotas furadas,
lumes das Santas Compañas,
fogar de vermes e alimañas.
Mal de ollo, negros meigallos,
cheiro de mortos, tronos e raios.
Oubeo de can, pregón da morte,
fuciño de sátiro e pé de coello.

Pecadora lingua da muller casada con home vello.

Averno de Satán e Belcebú,
lume dos cadáveres ardentes,
corpos mutilados dos inocentes,
peidos dos infernais cús.

Múxido da mar embravecida,
guedella porca da cabra malparida,
barriga inútil da muller solteira,
falar dos gatos que andan a xaneira.

Con este fol levantarei as chamas deste lume
que asemellan ás do Inferno.

E fuxirán as bruxas a cabalo das súas escobas
índose bañar á praia das areas gordas.

¡Oídel! ¡¡¡Oíde os ruxidos que dan
as que non poden deixar de queimarse no augardente
quedando así purificadas!!!

E que, cando iste brebaxe baixe polas nosas gorxas,
quedemos libre de todo mal e de todo enmeigamento.

Forzas do ar, terra, mar e lume
a vós fago esta chamada:

si é verdade que tedes mais poder que a humana xente
facede que eiquí e agora
os espiritos dos amigos que esten fóra
participen connosco desta queimada.